



**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Fisterra. Parroquias: San Martiño de Duio, ademais de San Vicezo de Duio no sector occidental, e Santa María de Fisterra no extremo sur. Extensión: 8,59km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Ampla unidade caracterizada polo desenvolvemento da súa chaira costeira que, comezando no istmo do Cabo Fisterra, forma a Praia da Langosteira ao contacto co mar, e se prolonga amplamente cara ao noroeste enmarcada polos suaves relevos circundantes. O desenvolvemento da depresión costeira nesta dirección vén determinado pola existencia dunha importante falla, que tamén aproveita o río Grande nas proximidades da súa desembocadura á Enseada da Langosteira.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Área do Dominio hercínico aparecendo, na maior parte da unidade, un granitoide migmático que presenta carácter nebulítico. No sector norte e noreste, así como na esquina noroeste, aparecen xistos e paragneis que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe e cuxa idade é precámbrico-silúrica.

O Cuaternario está representado polos depósitos holocenos da praia, o cordón de dunas e as dunas remontantes co campo eólico afín. Tras este complexo, cara ao interior da chaira costeira, aparecen outros depósitos cuaternarios máis relacionados con detritos erosivos e recheos aluviais, ocupando gran parte do suco tectónico Castroviñán-Langosteira.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario e val inclúense no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 14°C e oscilación térmica en torno a 13°C; precipitacións entre 1200mm e 1400mm anuais. As cimas dos montes Veladoiro ao SO e Seoane ao NE acumulan ata 1600mm de precipitación ao ano sen baixar de 1400mm, formando parte do dominio Cálido e Moi Húmido.

#### OS SOLOS

Complexo sedimentario costeiro no que se desenvolven arenosos álbicos e háplicos, localizándose tras el enclaves de gleisols relacionados con áreas deprimidas na conca baixa do Rego do Carballiño. A vertente presenta unha característica secuencia de chans en relación coa topografía de maneira que no val dominan os chans máis profundos e fértiles do tipo cambisol dístrico, mentres que nas ladeiras superiores desenvólense umbrisois dístricos, regosois e leptosois líticos xa na cabeceira, fundamentalmente nas elevacións de Monte Veladoiro ao oeste e Alto da Canaveira, Monte Seoane e Monte da Serra ao leste.


#### AS AUGAS

A rede de drenaxe da unidade canalízase cara á chaira costeira fundamentalmente a través do Río Grande, que recibe pola súa marxe esquerda as achegas dun tributario: o arroyo de Carballiño, ao que á súa vez verte o arroyo Pedrouzo. O conxunto fluvial desemboca finalmente na praia da Langosteira, na confluencia das Augas Costeiras de Fisterra (20141) e a Ría de Corcubián (20142).

#### O PATRIMONIO NATURAL

O sector máis occidental inclúese no ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. É unha gran unidade sedimentaria que achega importantes extensións de hábitats de dunas, aínda que nalgúns sectores estes poderían ser máis extensos e están degradados. Domina así, na fronte costeira, o grupo 21 de dunas marítimas atlánticas e, potencialmente, poden aparecer os hábitats de costa de dunas mediterránea 2230, céspedes de Malcolmietalia e 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. A chaira continental, de marcada horizontalidade, a pesar de existir unha intensa ocupación humana, especialmente de tipo agropecuario, presenta numerosas zonas con hábitats relacionados coa presenza de auga en superficie. Así, é posible observar formacións ripícolas (91E0) nos ríos Grande, Carballido e Pedrouzo, ademais de na zona de Duio. Nestes lugares ademais doutras zonas novas como o sector entre Denle e San Salvador de Duio, existen zonas nas que o empozamento prolongado desenvolveu prados hidromorfos nos que se poden presentar os hábitats 6420, prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megafobias outonais hieráfilas das orlas da chaira. Por último, de

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os chans desta unidade presentan unha diversidade de usos, en toda a fachada litoral hai un predominio da superficie construída asociada ao turismo, estendéndose ao longo da estrada A-445. E na parte interior, formada por unha chaira de suaves pendentes, hai un predominio dos asentamentos tradicionais vinculados a grandes extensións de terreos agrícolas. As ladeiras dos montes que rodean a chaira están cubertas principalmente por bosques homoxéneos de frondosas de repoboación, sobre todo as ladeiras orientais dos montes Pitón, da Lagoa e Arnelas, en cambio nas vertentes do Monte Seoane e Serra as frondosas intercálanse con matogueiras e masas mixtas de árbores autóctonas.

#### MORFOLOXÍA

Na fachada costeira seguindo a vía AC-445, desenvolveuse un asentamento espontáneo, con carácter residencial e funcional que está asociado ao núcleo de Fisterra. A morfotipoloxía é a típica destes asentamentos, bloque de edificios de máis de dúas alturas ao redor dunha vía de comunicación, aproveitando a funcionalidade dalgunhas das súas construcións que dan servizo ao núcleo primixenio. Os núcleos tradicionais ocupan a área interior do territorio, caracterízanse por un modelo de asentamento agrupado arredor dunha vía ou unha praza con vivendas dunha soa planta con construcións secundarias asociadas. Estes núcleos tenden a expandirse ao longo da estrada que serven de unión entre eles, pero dunha forma desordenada e moi dispersa, ocupando parcelas desligadas do núcleo principal e que antes tiñan asociados outros usos. Na zona sueste da unidade, ao pé da ladeira do Monte da Serra que verte contra a fachada costeira, aséntase o núcleo de Calcova, un núcleo de nova creación de carácter residencial asociado a segunda vivenda.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de comunicacións ten unha presenza importante na unidade. A estrada principal é a AC-445, discorre paralela á costa e actúa como nexo de unión entre os núcleos de Fisterra e Sardiñeiro de Abaixo. Desde esta vía con dirección norte parte unha estrada local que cruza lonxitudinalmente a unidade. Nestas dúas estradas apóiase o resto da rede viaria composta por camiños tradicionais e de nova creación que van conectando todos os núcleos existentes no territorio. Existe ademais unha rede de camiños de terra de uso forestal nas zonas de monte. Doutra banda hai que destacar a presenza dun paseo peonil paralelo á praia de Langosteira e que percorre toda a súa lonxitude.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Sobre todo nos núcleos tradicionais da unidade existen unha gran cantidade de elementos patrimoniais catalogados. Cada núcleo leva asociado un conxunto patrimonial composto por, hórreos, cruceiros e casas tradicionais. Como elemento etnográfico de grande importancia relacionado cos labores agrícolas podemos destacar un grupo de 12 muíños que se atopan na liña do arroyo de Pedrouzo no núcleo de Mallas. En canto ao patrimonio arquitectónico relixioso existente na unidade destacar a Igrexa parroquial de San Vicente de Duio, Igrexa Parroquial de San Martiño de Duio e a Capela da Inmaculada Concepción en Mallas. Menos amplo é o patrimonio arqueolóxico, co Castro das Croas en San Vicente de Duio e A Pedra da Cruz do Cal da Costa en Ermedesuxo de Arriba. Na fachada litoral, relacionado coa arquitectura marítima atopamos unha antiga Fábrica de Salgadura e unha Carpintería de ribeira preto da Praia de Langosteira.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da unidade a pesar da presenza de novos usos, sobre todo na franxa litoral, é claramente agropecuario, con grandes extensións de terreos dedicados a cultivos forraxeiros. Toda a fachada litoral esta ocupada pola Praia de Langosteira, estendéndose cara ao interior unha chaira continental caracterizada pola súa horizontalidade, onde se asentan en perfecta harmonía coa paisaxe os núcleos tradicionais. O fondo escénico deste conxunto son os montes limítrofes da unidade. Trátase dun conxunto complexo e completo que nos mostra un modelo de organización tradicional característico do litoral.

### DINÁMICA DA PAISAXE

É evidente a transformación do parcelario, como consecuencia da agrupación de parcelas e a creación de novos viarios que producen unha variación no modelo de organización da paisaxe. Nos montes que delimitan a unidade hai un aumento da superficie forestal, sobre todo nas ladeiras que verten contra a chaira continental do Monte da Lagoa e Arnelas. O cambio máis significativo produciuse na fachada litoral coa aparición dunha intensa ocupación que xerou un asentamento espontáneo en parcelas que outrora se dedicaban a cultivos introducindo patróns de organización distintos no relativo ás tipoloxías edificatorias ou a estrutura parcelaria.

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Sen dúbida, a singularidade á unidade imprímella a Praia de Langosteira, un precioso areal de 2Km de lonxitude, onde se pode gozar da súa area fina, bañada polas augas da enseada que leva o mesmo nome. Débese resaltar o gran patrimonio cultural que encerran os núcleos tradicionais e a naturalidade da paisaxe. A zona noroccidental da unidade, coincidindo co Monte de Arnela e Monte da Lagoa está incluída no LI-ZEPVN Costa da Morte. As mellores panorámicas da unidade ímolas obter desde o alto do Monte da Serra.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCÍONS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Fachada litoral ao longo da estrada AC-445 e viarias secundarios en dirección á costa, co obxectivo de ordenar os usos do chan e evitar a implantación de vivendas unifamiliares na fronte costeira desvinculadas dos núcleos fundacionais e sen funcións urbanas que xeren un continuo construído que impida a contemplación do horizonte litoral, mellorando deste xeito a calidade escénica e ambiental do conxunto.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

#### Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
<b>Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral</b>
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
<b>Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico</b>
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












#### Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



